

A ENTREVISTA

JOSÉ XAVIER BOM

Aurora Marco, profesora da Facultade de Ciencias da Educación

«A Escola Normal de Santiago de Compostela está estreitamente vinculada á cidade. Por ela pasaron moitos homes e mulleres a quen, de seguro, lles resultará familiar e emotivo o noso traballo». Así define Aurora Marco, profesora da Facultade de

Ciencias da Educación, o volume sobre a historia dese centro universitario, que elaborou en colaboración con Anxo Serafín Porto, tamén docente do mesmo, e que editou recentemente a Universidade de Santiago na súa colección «Fonseca, Textos Históricos».

«Non vexo motivación sobre o galego»

O libro forma parte das conmemoracións do 150 aniversario da Normal, posteriormente Escola de Maxisterio, integrada desde 1996 en Ciencias da Educación. Esta profesora ensina no centro desde 1972.

—¿Pasar de Escola a Facultade supuxo moita mudanza?

—Agora hai nova estrutura administrativa, nun único centro, con sedes nos campus norte e sur, un feito que non favorece a integración de docentes e discentes. Para a formación, a antiga Escola xa contaba con profesorado preparado, motivado e vocacional.

—¿E o alumnado?

—Desde que eu entrei no centro pasaron case dez promocións. Nos primeiros anos o alumnado tiña moito entusiasmo polo galego. Agora penso que ten un perfil definido sobre o que quere estudar entre as titulacións ofertadas; e sobre o idioma galego non vexo demasiada motivación, e si menos galego-falantes; aínda que son contraria ás xeneralizacións, habería que matizar moito.

—¿Como definiría os 150 anos de historia do centro?

—A Escola naceu ligada a unha figura histórica, Antonio de la Iglesia. Tivo etapas moi diferentes e acolleu docentes e investigadores mui cualificados, que salientaron en diversos campos, aínda que moitos deles non sexan ben coñecidos.



Aurora Marco é coautora do volume «A Escola Normal de Santiago de Compostela»

«A literatura precisa complicidade»

Aurora Marco é tamén coautora de «Lecturas de museo», volume de recente coedición das universidades de Santiago e Barcelona. Nas súas propostas e contributos parte da obra plástica de Díaz Pardo, aborda o tratamento do mito de Fausto, ou traballa sobre a guerra nas artes a partir de elaboracións de Tomás Barros, Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Alfonso Costa, Xaime Quessada, Picasso e outros artistas.

—¿Qué obxectivo ten este volume?

—É unha forma innovadora no tratamento di-

dáctico da literatura, que precisa de complicidade, e que parte de presupostos diferentes dos do ensino tradicional, centrado na aprendizaxe de vidas e obras. Procuramos ampliar a competencia e a experiencia artístico-literaria do alumnado e potenciar os valores educativos e formativos da literatura como manifestación cultural.

—¿En que investiga na actualidade?

—Estou na última fase dun proxecto de *Diccionario de Mulleres Galegas. Das orixes a 1975*, que me encomendou unha editora galega.

«Hai que superar certas formas vellas de actuar»

Na presentación do volume sobre a Escola Normal hai unha referencia á «xenerosidade particular» de Aurora Marco por se ver obrigada a «acceptar a esixencia de uso da actual normativa ortográfica e morfolóxica oficial da lingua galega, esixencia establecida por acordo da Xunta de Goberno da nosa Universidade».

—Chama a atención esa aclaración...

—Eu pouco máis teño que engadir. Simplemente que calquer dirixismo, neste caso lingüístico, é impropio destes tempos. Estou convencida de que prácticas así, que mostran intolerancia, en pouco tempo xa as veremos como algo anacrónico.

—Como profesora de galego máis veterana do país, ¿como ve o problema da normativa hoxe?

—Trás o franquismo, o poder político, pouco habituado a hábitos democráticos, sancionou por decreto sobre a ortografía do galego. Neste milenio hai que superar certas formas vellas de actuar, como esa. Non me interesan xentes que queren seguir afogando voces. E, se non me pode expresar libremente nun espazo universitario, usarei outros; non fixen votos de obediencia ou de sumisión cega á autoridade.